



NON CEDEN UN LOCAL A PODEMOS

Despois da constitución do círculo de Podemos Cedeira, solicitámoslle a cesión dun local aos gobernantes municipais e a contestación foi: “...**sinto comunicarlle que neste momento o Concello non conta cun espazo para poñer á súa disposición...**”

É difícil comprender esta resposta despois de ver os programas dos partidos que forman o “triumvirato” no que se podía ler que ían prestar colaboración ás agrupacións e incluso un deles cando gobernaba o Pp afirmaba que: “**Anova ,nada máis constituírse, solicitou do concello a cesión dun local dos varios que pensabamos (e seguimos pensando) que ten baleiros ou infrautilizados.**”

Corroboramos así a idea maioritaria de que a **hipocrisía** (“actitude daquel que finxe o que non sente e mantén unha postura falsa cara aos demais” RAG) en política é algo moi habitual.

Cousas da vida, que diría Castelao.